

Xunta de Galicia

## Ingeniero Técnico Industrial

Temario y Convocatoria DOG 10-01-08

### Titulación: Enxeñeiro técnico Industrial

#### Exercicios:

**Primeiro exercicio**, de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test, máis tres (3) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será correcta, correspondentes ao contido do programa. Os/as aspirantes da quenda de promoción interna estarán exentos para a realización deste exercicio da parte xeral do programa.

O tempo máximo de duración será de noventa (90) minutos.

De conformidade co disposto no artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, este exercicio deberá realizarse exclusivamente en lingua galega.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar a puntuación mínima. Para iso terase en conta que por cada tres respostas incorrectas descontarase unha correcta.

**Segundo exercicio**, de carácter eliminatorio: consistirá na resolución dun suposto práctico de desenvolvemento, á elección do aspirante de entre dous propostos polo tribunal, e relacionados coas materias correspondentes ao contido do programa no que se refire aos temas específicos de cada escala.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de dúas (2) horas.

Para realizar este exercicio os opositores poderán servirse de textos legais sen comentarios, excluídos os libros de consulta.

Unha vez publicadas as puntuacións deste exercicio, abrirase un prazo de dez días hábiles para que os aspirantes que superen este exercicio, presenten o documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa Disposición Adicional Segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG n° 146, do 30 de xullo de 2007), para os efectos da exención prevista no cuarto exercicio.

**Terceiro exercicio**, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego proposto polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na tradución dun texto do galego ao castelán proposto polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha (1) hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto.

Estarán exentos da realización do cuarto exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa Disposición Adicional Segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (publicada no DOG n° 146, do 30 de xullo de 2007).

### Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B)

#### Parte común a tódalas escalas.

1. O concepto de constitución. A Constitución como norma xurídica. A Constitución española de 1978, principios informadores. Estrutura e contido
2. A Coroa: funcións constitucionais. As Cortes Xerais. O Congreso dos Diputados e o Senado. Composición e funcións. Aprobación das leis.
3. O Goberno. A súa composición e funcións. Relación entre o Goberno e as Cortes. A Administración do Estado. Organos centrais. Organos periféricos.
4. O Estatuto de autonomía de Galicia. As competencias da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu Presidente.
5. O Parlamento de Galicia. A Administración pública da Comunidade Autónoma. O Consello da Xunta. Organización e estrutura das consellerías.
6. O pesoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma. Persoal funcionario e persoal laboral. Réxime xurídico da función pública galega.
7. As Comunidades Europeas: institucións comunitarias. Os tratados orixinais e de modificación.
8. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: ámbito de aplicación e principios informadores. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. Os recursos administrativos: concepto e clases, requisitos xerais.
9. Os contratos administrativos: natureza, concepto e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. Formas de contratación. Contido e efectos dos contratos. Resolución, rescisión e renuncia.
10. A xestión económica-financeira pública de Galicia. A Facenda e o patrimonio da Comunidade Autónoma. Os orzamentos da Comunidade Autónoma. O control orzamentario. O Consello de Contas.

## Temas específicos da escala de enxeñeiros técnicos industrial.

1. A política de investigación estatal. Lei de fomento e coordinación da investigación científica e técnica. A política de investigación na Unión Europea. Sétimo Programa Marco. Marco estratéxico de converxencia económica de Galicia (MECEGA).

2. A política industrial da Comunidade Autónoma de Galicia, evolución e características actuais. Análise dos principais factores impulsores e características dos sectores. Competencias da Consellaría de Innovación e Industria. As políticas dos clusters.

3. Plan galego de investigación desenvolvemento e innovación tecnolóxica (INCITE). Programa ensino 2010. Plan nacional de reformas.

4. Lei de Industria, lei 21/1992, do 16 de xullo. Disposicións xerais., promoción, modernización e competitividade industrial. Seguridade industrial. Rexistro de establecementos industriais, e información estatística. Infraccións e Sancións.

5. Seguridade industrial de Galicia, Lei 9/2004 do 10 de agosto. Definicións. Obxectivos. Réxime de inspección. Plans e programas de inspección industrial. Réxime sancionador. Reguiamento do rexistro de establecementos industriais de Galicia.

6. Real Decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial. A harmonización de lexislacións, técnicas e eliminación de obstáculos técnicos ao comercio; as súas perspectivas na Unión Europea e a Organización Mundial de Comercio. Competencias da comunidade autónoma.

7. Sistemas de aseguramento da calidade. Normas de calidade. Esixencias de acreditación dos laboratorios. Cualificación do persoal, calibración, control e mantemento de equipos, inventarios e fichas. Auditorías.

8. Mercado CE e control de Mercado: fundamentos, directrices sobre colocación e utilización, marcas voluntarias. Mercado interior europeo. Elementos do novo enfoque. Elementos do novo enfoque global. Directivas de novo enfoque, conceptos básicos: Comercialización, posta en servizo, fabricante, mandatario, e importador. Vixilancia do mercado. Cláusula de salvagarda.

9. A propiedade industrial: concepto e natureza xurídica, as diferentes modalidades de protección da propiedade industrial. A súa relación con outros ramos do dereito público e dereito privado. Propiedade industrial e dereitos de autor. A oficina española de patentes e marcas, actividades e perspectivas futuras.

10. Normativa sobre protección ambiental en Galicia. Impacto ambiental. Efectos ambientais. Avaluación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. Lei 9/2006. Obxecto e ámbito de aplicación. Avaluación ambiental de plans e programas estatais.

11. Xestión de residuos. Residuos sólidos urbanos reciclaxe. Compostaxe. Vertedoiros. Valoración enerxética reciclaxe de materiais. Residuos perigosos instalacións e sistemas de tratamento.

12. Sector de hidrocarburos. Lei 34/1998, do 7 de outubro. A política de hidrocarburos líquidos e gasosos de España. Actuacións de privatización do sector público. A liberalización dos mercados. A gasificación en Galicia

13. Distribución e utilización de combustibles gasosos. Regulamento e as súas instrucións complementarias Ámbito de aplicación. Terminoloxía. Instalación e posta en funcionamento. Mantemento. Empresas e persoal. Controles periódicos. Excepcións. Normas. Accidentes. Infraccións e sancións.

14. Lexislación básica do sector nuclear. Plans nacionais de residuos radioactivos. Empresa Nacional de Residuos Radioactivos (Enresa). O Consello de Seguridade Nuclear.

15. Reglamentación reguladora de instalacións nucleares e radiactivas. Regulamento EURATROM, relativo aos traslados de sustancias radiactivas entre os estados membros da Unión Europea.

16. Lei 22/1973 de 21 de xullo de Minas. Ámbito de aplicación. Acción estatal. Zonas de reserva. Regulación dos aproveitamentos de recursos da sección A, B, C. Permisos de investigación. Caducidades. Transmisións de dereitos mineiros. Cotos mineiros.

17. Lexislación básica do sector eléctrico. Planificación enerxética, ordenación da subministración, réxime económico, produción de enerxía e réxime especial, transporte distribución e subministración de enerxía eléctrica, outros aspectos relevantes.

18. AS tarifas eléctricas. Estrutura xeral e definición. Condicións xerais e particulares de aplicación. Complementos tarifarios. Equipos de medida e control.

19. Regulamento electrotécnico para baixa tensión e instrucións complementarias. Ámbito de aplicación. Empresas instaladoras. Posta en servizo das instalacións. Verificacións e inspeccións. Redes aéreas e subterráneas para distribución

20. Regulamento electrotécnico para baixa tensión e instrucións complementarias: instalacións de enlace. Instalacións receptoras. Instalacións con fins especiais. Instalacións xeradoras de baixa tensión. Instalacións de receptores.

21. As enerxías renovables. Evolución recente e perspectivas de desenvolvemento. Eólica, biomasa, solar e fotovoltaica. Coxeración. Aproveitamento da enerxía eólica en Galicia.

22. Condicións técnicas e garantías de seguridade en centrais eléctricas, subestacións e centros de transformación. Ámbito de aplicación, clasificación das instalacións, autorización, posta en servizo, inspección e vixilancia das instalacións, infraccións e sancións.

23. Liñas eléctricas aéreas de alta tensión. Regulamento: ámbito, clasificación. Proxecto, elementos utilizados. Prescricións especiais. Derivacións. Seccionamento e proteccións

24. As actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

25. Lei 3/1985, metroloxía. Control metrolóxico do estado, real decreto 889/2006 de 21 de xullo. Directiva 2004/22/CE do parlamento europeo e do consello relativa aos instrumentos de medida.

26. Seguridade para plantas e instalacións frigoríficas. Regulamento e instrucións complementarias: Ámbito de aplicación. Terminoloxía. Clasificación dos refrixerantes. Sistemas de refrixeración. Instrución de seguridade. Instaladores e conservadores frigoristas autorizados. Inspeccións periódicas.

27. Instalacións de protección contra incendios. Reguiamento: ámbito de aplicación, acreditación do cumprimento de las regras de seguridade establecidas. Instaladores e mantedores. Instalación, posta en servizo e manexo. Responsabilidades.

28. Seguridade contra incendios nos establecementos industriais. Regulamento: Ámbito de aplicación. Terminoloxía. Réxime de aplicación e réxime de exclusión, configuración dos establecementos. Nivel de risco. Tramitación. Categorías. Protección activa. Inspeccións periódicas.

29. .Regulamento de instalacións térmicas de edificios e as súas instrucións técnicas complementarias. Ámbito de aplicación. Instalación e posta en funcionamento, mantemento, empresas mantedoras, inspeccións. Responsabilidades. Sancións.

30. Medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas. Real Decreto 1254/1999 do 16 de xullo e modificacións. Ámbito de aplicación. Terminoloxía. Obrigacións dos titulares. Política de prevención. Efecto dominó. Informe de seguridade. Plans de emerxencia. Competencias da Comunidade Autónoma. Información a poboación.

31. .Ascensores: Ámbito de aplicación, comercialización e libre circulación. Procedementos de avaliación da conformidade. Marcado CE. Requisitos esenciais de seguridade e saúde relativo ao deseño e fabricación de ascensores e dos componentes de seguridade. Instalación. Posta en servizo. Responsabilidades. Conservación. Empresas conservadoras.

32. .Guindastres torre desmontables para obras e grúas autopropulsadas. Lexislación estatal e da comunidade de Galicia. Instalación e mantención.

33. .Aparatos a presión : Regulamento, ámbito de aplicación, aparellos que comprende, tramites para súa autorización, presións de proba, elementos de seguridade, inspeccións, accidentes. Sancións.

34. .A Inspección Técnica de Vehículos. Facultades dos órganos administrativos con competencias na materia . Normas sobre talleres de reparación de vehículos. Vehículos históricos.

35. .Almacenamiento de produtos químicos, regulamento e instrucións técnicas complementarias Ámbito de aplicación. Terminoloxía. Inscripcións das instalacións. Obrigacións e responsabilidades. Control das instalacións. Accidentes. Almacenamento conxunto